

Deixen que colla emprestando o título dun libro de **Julio Cortázar**, *Queremos tanto a Glenda*, que marcou o meu tránsito pola mocidade. Cortázar, o gran mestre da segunda metade do século XX, o guía nos labirintos do jazz e de París, a cidade da Maga. **Xela Arias**, a nosa Maga particular, transformadora de mitos e de ritos, poeta ancorada no seu mundo propio, a ledicia levada ao grao sumo da celebración do corpo feminino no seu arriscado *Tigres como cabalos*. Xela, a de *Palabra de muller*. Xela, que quería ao seu **Darío** e lle dicía "Guerreiro forte da envexa afastada /de ti os mesquiños de espírito/cariño"

Unha perda. Unha máis nestes tempos de ausencias, de perda de equilibrio, de traizón á democracia, de revolución interior neste País de Nunca Máis, onde nos tocou vivir. Neste tempo gris onde as liberdades minguan a diario, e a diario se nos van, Darío, os amigos que foron ou que puideron ser, Carlos e Roberto, non hai tanto, que tantas satisfaccións nos daban e agora a Maga Xela, que a diario traballaba, Darío, en verquer ao galego teu, e meu, e noso, libros de maxia que no mundo existen, *Dublineses* de **James Joyce** e *O derradeiro dos mohicanos*, a mesma que agora estaba a traducir esa novela Caribe e máxica que é *Wilde Sargasso Sea* de **Jean Rhys**. Traballo que hoxe queda inconcluso e que, se cadra, debera ser reservado para que ti lle deses remate. Xela, a que dicía para ti, Darío, aqueles versos tan lindos que deberías gardar agora, se cadra, con máis motivo e orgullo rente do teu sentir: "Se ti es/serei eu/nunca máis feliz". Ela é porque ti es, sabes e nunca máis feliz. Nunca neno tivo un galano que perdurase tanto como as palabras da nai cando dicía: "A distancia, observo que observas,/ que probas,



Xela Arias, 1962-2003

Queremos tanto a Xela

Na mañanciña do pasado 2 de novembro sorprendíanos a noticia. Xela Arias (Lugo, 1962) falecía inesperadamente en Vigo, vítima dun ataque ao corazón. Era unha das voces máis orixinais das nosas letras. Autora dunha obra non demasiado extensa, posuía así e todo unha forte personalidade, representante destacada da máis nova e prometedora poesía galega. Xavier Queipo, dende Bruxelas, evoca a súa memoria.

vacilas e recólle-las certezas". Lembra sempre aquel libro que se rematou de imprimir nun 22 de decembro, cando os días comezan a medrar e a luz ha lle restar tempo á escuridade. Soña, Darío, e verás como vai ser certo de vez, como serás adolescente, e mozo, e ancián e para ela serás, do outro lado da nada, meu, como ningún outro.

Le, cando poidas e os folgos che dean para entender o mundo, cando sexas o grande que ela quería e aprendas a compartir a vida cos demais, le ese libro que che deixou como herdanza máxima, como legado inesquecibel. Le en alta voz e repite nai ou di ma-ma, como cando eras neno e a enchías de forza contra o pánico. Leo e aprende o que é ter a cabeza

inzada de proxectos e escoita a súa voz proxectada na túa cando dicía: "E, por certo e para sempre, contigo a miña maior diversión", e sente o inmenso orgullo de ser fillo de quen es, de quen escribía sen pudor as súas preferencias e atinaba a poñer o sentimento en cada verso para ti, de nai protectora e soñadora, cando te espeta, Darío, a diario: "Tódolos nenos son tu e ningún coma ti". Acredita, rapaz, que todas as nais son Xela e todas, coma ela, saben que ti es único. Por hoxe non podo dicir máis, Darío, pois os homes de ben tamén choran. Pero que saibas, de certo, que somos moitos os que queremos tanto a Xela... **Xavier Queipo** ■